

Excedencia

16. Excedencia por razón de violencia sobre o persoal funcionario

Amplíase o período durante o cal o persoal funcionario que estea en situación de excedencia por violencia terá dereito a percibir as retribucións íntegras e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo establecido no artigo 48.5 parágrafo terceiro, a tres meses.»

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

En representación da Administración do Parlamento de Galicia:

Concepción Burgo López, vicesecretaria da Mesa do Parlamento
Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado Oficial Maior do Parlamento de Galicia
Carolina Costoya Parto, interventora do Parlamento de Galicia
María Aneiros González, letrada do Parlamento de Galicia

En representación do persoal ao Servizo da Administración do Parlamento de Galicia:

Juan Manuel Loureiro Taibo, en representación da Unión Xeral dos Traballadores
Manuel Ricart Ríos, en representación da Confederación Intersindical Galega
Rocío Salgado Beceiro, en representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios
Xosé Torres Romar, en representación da Xunta de Persoal

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1ª

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de xullo de 2016, polo que se convoca concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo vacante na Administración do Parlamento de Galicia adscrito ao corpo auxiliar

1. Normas xerais

Convócase concurso de méritos para cubrir unha praza do corpo auxiliar, grupo D, incluída na relación de postos de traballo do Parlamento de Galicia que se detalla no anexo I.

A praza está dotada coas súas retribucións correspondentes, consignada nos orzamentos do Parlamento de Galicia do ano en curso.

A este proceso seralle de aplicación o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e a súa normativa complementaria e supletoria, e o disposto nesta convocatoria.

2. Requisitos dos/as aspirantes

2.1. Xerais

Para ser admitidos, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

2.1.1. Non exceder a idade de xubilación forzosa.

2.1.2. Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.

2.1.3. Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

2.1.4. Ser funcionario/a de carreira do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D).

2.2. Concorrenca

Os requisitos establecidos no punto anterior deberán cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso.

3. Valoración de méritos

Os méritos que se terán en conta para a resolución do procedemento de concurso serán os seguintes:

3.1. Antigüidade, ata un máximo de 5,5 puntos:

3.1.1. Servizos prestados como funcionario/a de carreira no mesmo grupo da praza á que se opta: 0,015 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos e familiares.

3.1.2. No caso de servizos prestados en grupos inferiores, a puntuación por mes será de seis milésimas menos por cada grupo no que se prestara servizos. Así mesmo, no caso de servizos prestados en grupos superiores a puntuación por mes será de catro milésimas máis por cada grupo no que se prestara servizos.

3.2. Grupo no que o funcionario/a se atopa en servizo activo:

3.2.1. Grupo D: 1 punto.

3.2.2. Grupo C: 2 puntos.

3.2.3. Grupo B: 3 puntos.

3.2.4. Grupo A: 4 puntos.

3.3. Grao persoal consolidado, ata un máximo de 4 puntos:

3.3.1. Nivel 13: 1 punto

3.3.2. Por cada unidade máis: 0,18 puntos.

3.4. Formación, ata un máximo de 3 puntos:

Pola realización de cursos incluídos dentro do Plan de Formación do Parlamento de Galicia, escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso conten con homologación oficial de escolas públicas de formación.

Para estes efectos valoraranse os cursos sobre materias relacionadas coa praza á que se opta, de acordo cos seguintes criterios:

3.4.1. Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.

3.4.2. Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,40 puntos por curso.

3.4.3. Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas e ata 99: 0,80 puntos por curso.

3.4.4. Por cada curso superior a 100 horas: 1 punto

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Nos cursos de idiomas e calquera outro nos que se acrediten varios niveis sobre a mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

3.5. Grao de coñecemento do idioma galego, sempre que os títulos ou certificados conten con homologación oficial, ata un máximo de 3 puntos.

3.5.1. Cursos de coñecemento do idioma galego, (a puntuación máxima neste subapartado será de 1,50 puntos):

3.5.1.1. Cursos de entre 12 horas e ata 39 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.

3.5.1.2. Cursos de entre 40 horas e ata 74 horas lectivas: 0,40 puntos por curso.

3.5.1.3. Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos.

3.5.1.4. Celga 4 ou equivalente: 1,50 puntos.

3.5.2. Cursos de linguaxe administrativa, xurídica, ciclo superior e Celga 5, (a puntuación máxima neste subapartado será de 1,50 puntos):

3.5.2.1. Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas: 0,75 puntos.

3.5.2.2. Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega ou Celga 5: 1,50 puntos.

3.6. Traballo desenvolvido en anteriores postos, en materias relacionadas co posto ao que se opta, ata un máximo de 2,5 puntos: 0,010 puntos por mes.

3.7. Titulación académica distinta da requirida para o acceso ao grupo de pertenza, sexa esta igual ou superior, cun máximo de 1 punto:

3.7.1. Bacharelato ou equivalente: 0,20 puntos.

3.7.2. Técnico superior ou equivalente: 0,40 puntos.

3.7.3. Diplomado/a ou equivalente: 0,60 puntos.

3.7.4. Licenciado/a ou grao : 0,80 puntos.

3.7.5. Doutor/a: 1 punto.

3.8. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

3.8.1. Licenza de maternidade: 0,05 puntos/licenza

3.8.2. Permiso de paternidade: 0,05 puntos/permiso

3.8.3. Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,05 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.

3.8.4. Excedencia para coidado de fillos e familiares: 0,01 puntos/mes.

4. Supostos de empate

No caso de que dous ou máis candidatos/as obteñan a mesma puntuación total, os criterios de desempate serán, por esta orde, os seguintes:

4.1. A maior puntuación obtida, sucesivamente, na seguinte orde: bases 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 3.6, 3.7, 3.8.

4.2. A maior idade.

5. Solicitudes

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, ou por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia segundo o modelo que figura no anexo II.

O prazo de presentación será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

A solicitude estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia.

Xunto coa solicitude presentarase a documentación acreditativa dos méritos alegados de acordo co establecido na base 3. Non será necesaria a presentación dos méritos que xa se atopen en poder da Administración parlamentaria.

Toda a documentación presentada deberá ser en orixinal ou copia compulsada.

6. Relacións de admitidos e excluídos

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación de apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, se é o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

Os excluídos dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos e excluídos.

Transcorrido o dito prazo, a Presidencia ditará resolución definitiva de admitidos e excluídos. Contra a dita resolución poderá interporse recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na citada Lei 30/1992, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

7. Comisión de valoración

7.1. Nomeamento e composición

A valoración dos méritos alegados polos/as concursantes para a adxudicación do posto de traballo vacante será efectuada por unha comisión de valoración nomeada pola Presidencia da Cámara. No seu funcionamento, rexerase polo disposto no capítulo II do título II, da referida Lei 30/1992.

A comisión de valoración estará composta por un presidente/a, secretario/a e tres vogais, que serán funcionarios/as da Administración do Parlamento, un dos cales será proposto pola Xunta de Persoal. Nomearase igual número de suplentes.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voz e voto. O presidente/a terá voto de calidade para dirimir os posibles empates

A dita comisión de valoración non poderá estar composta maioritariamente por persoal do corpo ou escala a que pertence a praza. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á esixida para o grupo ao que pertence a praza convocada. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ao disposto no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

A comisión de valoración poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos dos asesores especialistas que coide necesario. Tales asesores limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicárselle á Presidencia do Parlamento de Galicia.

7.2. Abstención e recusación

Os membros da comisión de valoración deberán absterse, ou poderán ser recusados polos aspirantes, cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992. Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro da comisión de valoración titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto, e a Presidencia designará un novo suplente.

O presidente/a solicitará dos membros do tribunal declaración expresa de non se atoparen incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou nas previstas nas presentes bases.

7.3. Constitución e actuación

A comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presenza de presidente/a e secretaria/o.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión da comisión levantarase acta, coa sinatura do secretario/a e o visto e prace do/a presidente/a.

8. Valoración de méritos e proposta de adxudicación

Valorados os méritos dos/as solicitantes, a adxudicación do posto de traballo ofertado recaerán, en todo caso, sobre o candidato/a que obtivese maior puntuación conforme o baremo establecido na base 3, así como, se é o caso, conforme os criterios de desempate establecidos na base 4.

Unha vez efectuada a valoración provisional dos méritos, farase pública no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Os/as concursantes poderán formular as oportunas reclamacións o prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación.

As reclamacións dirixiranse á presidencia da comisión de valoración.

Na fase de reclamacións non se admitirá a presentación de méritos que non se inclúsen na presentación da solicitude.

Examinadas e resoltas pola comisión as reclamacións presentadas, elevarase proposta de resolución do concurso á Mesa do Parlamento de Galicia.

A convocatoria resolverase por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

9. Adxudicación de destino

O destino adxudicado será irrenunciabile, salvo que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública, ben polo procedemento de concurso ou libre designación, casos en que o/a interesado/a poderá optar por calquera dos postos adxudicados. Estarán obrigados a comunicar por escrito a opción realizada á Servizo de Persoal e Réxime Interior no prazo de tres días.

10. Toma de posesión

A toma de posesión no posto adxudicado como consecuencia da resolución do presente concurso efectuarase no prazo de tres días hábiles a partir da data que se faga constar na resolución da Presidencia.

11. Recursos

Contra o acordo polo que se resolve o concurso de méritos, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Mesa de Parlamento, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª

ANEXO I

- Denominación do posto: xefe/a unidade do parque móbil
- Código do posto: AP93
- Situación na estrutura orgánica: Servizo de Persoal e Réxime Interior
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: D
- Corpo: auxiliar
- Nivel: 17
- Complemento específico: 21.433,30 €

ANEXO II

Selo de Rexistro

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A CONCURSO PARA PROVISIÓN DE POSTO DE TRABALLO

Datos persoais:

1º apelido:	2º apelido:
Nome:	DNI:
Correo electrónico (o/a aspirante acepta recibir as comunicacións a través deste medio):	

Posto ao que se opta:

Denominación: xefa/e da unidade do parque móbil	Código do Posto: AP93
--	------------------------------

Méritos:

	Administración	Grupo	Meses
Antigüidade: (base 3.1)			
Grupo no que se atopa en servizo activo (base 3.2)			
Grao persoal consolidado (base 3.3)			

Formación (base 3.4)

Título do curso	Entidade que o impartiu	Horas lectivas

Grao de coñecemento do idioma galego (base 3.5)

Diploma ou curso	Entidade que o impartiu	Horas lectivas

Traballo desenvolvido en anteriores postos, materias relacionadas co posto ao que se opta (base 3.6)

Posto	Meses

Titulación académica distinta á requirida para o acceso ao grupo de pertenza (base 3.7)

--

Exercicio de dereitos de conciliación (base 3.8)	desde	ata
Licenza de maternidade		
Permiso de paternidade		
Redución de xornada (artigo 59.1.f do EP)		
Excedencia para coidado de fillos ou familiares		

Quen asina SOLICITA ser admitida/o ao concurso para a provisión do posto de traballo vacante que se especifica no anexo I convocado por Resolución da Presidencia do 5 de xullo de 2016, DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións esixidas para participar e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a acreditar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2016
(Sinatura do/a solicitante)

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA